

*LISTAXE DE ERROS ORTOGRÁFICOS:

Así nas probas e actividades escritas as faltas ortográficas teranse en conta seguindo os seguintes criterios:

FALTAS MOI GRAVES

- Escribir en castelán.
- Non distinguir entre **s/x**, **b/v**, **una/unha**...
- Acento diacrítico.
- Usar formas compostas co verbo haber ***he dito**.
- Antepoñer o pronome átono nas oracións simples ou nas principais das compostas ***o vin**, ***se nos dixo**.
- Non respectar as normas que impoñen os signos ortográficos (uso de maiúsculas despois de punto, separación incorrecta de sílabas...)

FALTAS GRAVES

- Confundir o xénero de certos substantivos.
- Usar as formas do demostrativo popular ***estos** ***esos**.
- Non usar os posesivos co artigo diante ***nosas cousas**.
- Empregar o plural ***quenes**.
- Usar as formas apocopadas ***primer**, ***primeir**.
- Escribir os numerais ***cuarenta** ***ochenta**, ***quinientos**.
- Vacilar no uso dos cardinais ***deceseis**, ***dazaseis**.
- Deformación de formas dos indefinidos ***alguién**, ***ninguén**.
- Apocopar a forma calquera ***calquer**, ***calqueira**.
- Usar algún/algunha nas frases negativas ***non me produciu satisfacción algunha**.
- Empregar indiscriminadamente os pronomes persoais **te/che**, **lle**, **lles/o**, **os** ***xa te fixen o recado**, ***chameille por teléfono**.
- Usar as formas do pronome suxeito como segundo termo da comparación ***traballa máis ca eu**.
- Conxugar con erros ***andoven/andiven**, ***podría**, ***estuvo**, ***iba**, ***salgo**, ***traigo**, ***creer**, ***supen**.
- Manter o grupo **zc-** na 1ª persoa do presente de indicativo e no presente de subxuntivo ***conduzco**, ***obedezco**, ***conduzca**, ***obedezca**.
- Escribir a preposición **a** na perífrase **IR + INFINITIVO** ***vou a ir ó cine**.
- Empregar verbos da 2ª conxugación como pertencentes á 3ª ***batir**, ***ocurrir**.
- Castelanizar certos adverbios e preposicións ***ahora**, *** hasta**, ***sin**, ***según**.

FALTAS LEVES

- Acentuación.

Nota: As incorreccións catalogadas como moi graves na escrita serán tidas en conta desde a 1ª avaliación e suporán un **-0.2** menos na porcentaxe de expresión. As faltas graves reducirán **- 0.1** puntos. As faltas leves serán sancionadas con **-0.05** cada unha.